

PORTOMARÍN

Anuncio

O Concello de Portomarín publica en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local- o texto integro da “ORDENANZA REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES E MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS NO TERMO MUNICIPAL DE PORTOMARIN”. A aprobación inicial foi por acordo do Pleno da Corporación do 29 de decembro de 2016 e expúxose ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia número 08 do 11 de xaneiro de 2017, sen que houbera ningunha reclamación, alegación ou suxestión, razón polo que se entende aprobado definitivamente.

ORDENANZA REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES E MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS NO TERMO MUNICIPAL DE PORTOMARIN

PREÁMBULO.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia na Disposición derradeira primeira ven a modificar a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, simplificando os distintos niveis de planeamento, redefinido as redes e faixas de xestión da biomasa, clarificando as responsabilidades directas e subsidiarias e integrándoas nos correspondentes plans de distrito ou municipais e modificando as distancias en torno ás vivendas ou instalación aos efectos da obriga de xestión preventiva da biomasa.

Os artigos 7, 16 e 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais e ata tanto non se realicen as adaptacións do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito e do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais atribúen aos concellos as competencias de intervención na actuación dos particulares, de xestión na prevención e defensa contra os incendios forestais e de coordinación e a xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais; polo se propón o texto que se desenrola a continuación no marco do disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, coas modificacións dadas pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia e tamén na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Ademais por medio da presente Ordenanza, o Concello de Portomarin propónse regular actividades e comportamentos relativos ao medio ambiente, co obxecto de conseguir as necesarias condicións de limpeza de maleza nos terreos e solares para evitar os riscos de incendio, e así mesmo, de ornato urbano no que se refire ás plantacións en xardíns, terreos e solares de propiedade privada.

Así mesmo, e de conformidade coa lei 7 / 85 de réxime local, con Código Civil e calquera outra normativa de pertinente aplicación, o Concello de Portomarín establece a presente Ordenanza non fiscal reguladora das plantacións e curtas de especies vexetais e das distancias que deben manter respecto das edificacións, cursos de augas, fontes, mananciais e doutras plantacións, cultivos ou explotacións, e entre outras as seguintes.

- Plantacións arbóreas
- Plantacións de coníferas
- Plantacións de Frondosas de crecemento lento
- Plantacións de froiteiras
- Plantacións de especies arbustivas

A presente Ordenanza é de obrigado cumprimento para todas as persoas e actividades que se atopan en funcionamento, exercicio ou uso, no termo municipal do Concello de Portomarín.

Artigo 1.- Obxecto.

O obxecto da presente ordenanza é a regulación da limpeza de terreos e solares como medida de prevención e protección dos asentamentos de poboación e dos montes do termo municipal de Portomarín contra os incendios forestais.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

A presente Ordenanza é de aplicación a tódolos terreos forestais e zonas de influencia forestal:

- Ámbitos das faixas de xestión de biomasa, nas que teñan competencia os entes locais.
- Redes de faixas de xestión de biomasa delimitadas no plan municipais de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Faixas laterais das redes viarias de titularidade municipal.
- Solo Urbano, Solo de Núcleo Rural e Urbanizable Delimitado, así clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal, así como edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques, instalacións industriais e análogos.

- Cámpings, gasolineras, industrias, etc.....

Artigo 3.- Definicións.

Aos efectos da presente Ordenanza enténdese por:

- Solo Urbano e Solo de Núcleo Rural o clasificado como tal no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Portomarín vixente.

- Monte ou terreo forestal todo o terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedentes de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas e non sexan características do cultivo agrícola.

Terán a consideración de monte ou terreo forestal os solos clasificados polo PXOM de Portomarín como solo rústico de protección forestal.

Támén teñen a consideración de monte ou terreo forestal os demais terreos descritos na artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e na Lei de montes de Galicia.

- Espazos delimitados como redes de faixa de xestión de biomasa no Plan Municipal de Prevención e Defensa contra incendios Forestais do Concello de Portomarín: o conxunto de parcelas lineais do territorio delimitadas no Plan, onde se garante o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendio. Localízanse neste termo municipal sobre:

* As infraestruturas viarias.

* As liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

* As áreas de especial protección dos núcleos de poboación, ademais de tódalas edificacións, as infraestruturas e equipamentos e áreas recreativas, a/os e polígonos industriais, plataformas lóxicas e punto limpo, así como calquera outra susceptible de ser protexida.

- Xestión da biomasa: A creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia para o cumprimento do obxecto previsto nesta ordenanza. Tendo en conta que os terreos situados en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable delimitado teñen unha natureza residencial ou habitacional, os riscos para os bens e as persoas, por motivos de incendios de vexetación, deben minorarse drasticamente e primar a seguridade.

- Áreas de influencia forestal: as áreas estremeiras que abranguen unha franxa circundante dos terreos forestais cunha largura de 400 metros.

Artigo 4.- Responsables.

Para os efectos da presente Ordenanza entenderase por persoas responsables:

As persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal en que teñan os seus dereitos e as sociedades das liñas de gas para os supostos do artigo 5.1.1, 5.1.2, 5.2 e 5.3.

As persoas promotoras a título persoal ou en representación de algunha asociación para os supostos das actuacións previstas nos artigos 8, 9 e 10 da presente Ordenanza.

Artigo 5.- Obrigas dos responsables.

Dentro do ámbito competencial dos entes locais, será obrigatorio para as persoas responsables:

5.1.1. Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa con ámbito municipal nos plan municipais de prevención e defensa contra incendios forestais ou en defecto deste plan nas redes secundarias de xestión de biomasa que teñen un ámbito municipal, que afectan ao Solo Urbano, Solo de Núcleo Rural e Urbanizable Delimitado, así clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal, así como edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte:

1ª.- Xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetrais ao Solo Urbano, Solo de Núcleo Rural e Urbanizable Delimitado, edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais.

As distancias mediranse desde o límite do solo urbano ou núcleo rural. No caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións mediranse desde o seu paramento. No caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, mediranse desde o límite das instalacións.

Nos terreos clasificados como Solo Urbano, Solo de Núcleo Rural e Urbanizable Delimitado, as persoas responsables deberán facer a xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme aos seguintes criterios:

Mantendo as parcelas e solares libres de vexetación silvestre ou espontánea, agás o estrato herbáceo que só poderá alcanzar unha altura de 20 centímetros.

Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha discontinuidade entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo. Este criterio non será aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aqueles que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

Nos 30 primeiros metros non poderá haber as especies que se relacionan co nome común pino galego, pino común, pino silvestre, pino de Monterry, pino de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, brecina, carqueixa, xesta, brezo, piorno, fento, silva e toxo.

2ª.- Manter libres de estrato arbóreo, estrato arbustivo e subarbustivo ou herbáceo, residuos ou desperdicios as vías de acceso a núcleos así como as cunetas ou servidumes destas nunha franxa de dous metros a ambos os dous lados, desde a súa aresta exterior.

3ª.- Nas conducións de transporte de gas natural deberá xestionarse a biomasa nunha faixa de 1 metro e medio a cada lado do seu eixe.

5.1.2 Cármpings, gasolineras e industrias en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, as distancias para as especies pino galego, pino común, pino silvestre, pino de Monterry, pino de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, brecina, carqueixa, xesta, brezo, piorno, fento, silva e toxo serán de 50 metros, desde o límite das instalacións. No caso dos cármpings, esta distancia medirase desde o peche perimetral.

2º.- A limpeza do estrato arbóreo será a cargo, en todo caso, dos/as propietarios/as, arrendatarios/as, usufrutuarios/as ou persoas titulares de calquera outro dereito real ou persoal sobre os terreos a que dea fronte.

3º.- A xestión da biomasa e a retirada das especies sinaladas nos apartados anteriores, nas edificacións e mas instalacións construídas sen licenza municipal ou incumprindo os termos do proxecto que obtivera licenza darán dereito a unha indemnización polos danos e perdas que poida ocasionar, así como ao lucro cesante, a cargo das persoas propietarias dos terreos edificadas e a favor do propietario das especies afectadas.

5.2 Nos espazos previamente definidos como redes terciarias de faixas de xestión de biomasa nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais do distrito ou en defecto destes plans redes terciarias de faixas de xestión de biomasa, que se localizan nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal e están vinculadas ás infraestruturas de uso, así como ás seguintes infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais: camiños, vías, pistas forestais, devesas, faixas auxiliares de pista, áreas cortalumes e outras infraestruturas ou construcións relacionadas coa prevención e defensa contra os incendios forestais:

1ª.- Asegurar que os terreos se atopen libres de vexetación accesoria á masa principal e coa masa arbórea rareada, de acordo coa lexislación vixente.

2ª.- Manter limpas de vexetación as vías de titularidade privada, así como as gabias.

3ª.- Rozar toda clase de maleza e estrato subarbustivo existente en todo o ámbito do monte, iso significa que as distancias entre as árbores existentes deberá atoparse expedita e absolutamente libre de calquera tipo de vexetación, residuo ou desperdicios.

4ª.- A existencia de vertedoiros incontrolados deberá ser comunicada ao concello, e deberase proceder á súa retirada e limpeza nun prazo máximo de 20 días naturais dende que o concello comunique iso aos titulares das parcelas nas que se sitúen os devanditos vertedoiros.

5ª.- Retirar os residuos forestais procedentes da limpeza do monte ou resultantes da explotación forestal, tales como a biomasa forestal residual, estelas, cortiza, resina e todo tipo de restos agrícolas e de produtos inflamables.

Durante os meses de xullo, agosto e setembro, só será permitido o apilado en cargadeiro de subprodutos resultantes de corta ou extracción forestal tales como a biomasa forestal residual, astelas e cortiza, sempre que fora salvagardada un área sen vexetación cun perímetro de 15 metros ao arredor.

6ª.- Xestionar a biomasa vexetal a totalidade da superficie das infraestruturas de uso público ou áreas recreativas, así como nunha franxa perimetral de 50 metros.

7ª.- Xestionar a biomasa vexetal na totalidade das parcelas que se atopen dentro dunha franxa circundante de 50 metros arredor de zonas forestais de alto valor, especificamente declaradas por orde da consellería competente en materia forestal conforme aos criterios de xestión de biomasa definidos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e o presente Regulamento.

8ª.- Manter libres de estrato arbóreo, estrato arbustivo e subarbustivo ou herbáceo, residuos ou desperdicios, procedentes da limpeza do monte ou resultantes da explotación forestal ou agrícola os camiños forestais así como as cunetas ou servidumes destas nunha franxa de 2 metros a ambos os dous lados desde a súa aresta exterior.

A limpeza do estrato arbóreo será a cargo, en todo caso, dos/as propietarios/as, arrendatarios/as, usufrutuarios/as ou persoas titulares de calquera outro dereito real ou persoal sobre os terreos a que dea fronte.

9ª.- Xestionar a biomasa vexetal no resto de infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais (devasas, faixas auxiliares de pista, rozas, áreas cortalumes e outras infraestruturas de prevención e

defensa contra incendios forestais), de acordo co servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais dos distritos.

5.3.- Novas edificacións en terreos forestais e en zonas de influencia forestal e medidas de prevención de incendios forestais nas novas urbanizacións:

1º.- As novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos resultantes de execución de plans de ordenación urbanística que afecten a zonas de monte ou de influencia forestal, e que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que resulten estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal, terán que cumprir coas seguintes medidas de prevención:

1ª.- Asegurar a existencia dunha faixa galleto de protección de 30 metros de largo da mesma propiedade, arredor da urbanización, edificación ou instalación, computada desde o límite exterior da edificación ou instalación destinada ás persoas, libre de vexetación seca e coa masa arbórea rareada, que en ningún caso conterá coas especies que se relacionan co nome común pino galego, pino común, pino silvestre, pino de Monterrey, pino de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, brechina, carqueixa, xesta, brezo, piorno, fento, silva e toxo, consonte cos criterios que se establecerán mediante orde da consellería competente en materia forestal.

2ª.- Nas zonas de alto risco de incendio, será necesario adoptar medidas especiais de autoprotección pasiva da edificación ou da instalación fronte a posibles fontes de ignición procedente de incendios forestais.

3ª.- No caso de urbanizacións e edificacións para uso industrial deberán dispoñer de xeito perimetral dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios ou, na súa falta, de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente.

4ª.- Presentar ante a Administración municipal un proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais que garanta o cumprimento do que establece esta lei e a normativa que a desenvolva, así como o cumprimento do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, se é o caso.

2º.—A partir da faixa perimetral de 30 metros indicada na alínea 1ª do punto anterior, establécese unha franxa perimetral de 20 metros de largo na cal os propietarios dos terreos serán responsables da realización das medidas de xestión da biomasa.

Artigo 6.- Regulación das plantacións e corta de especies vexetais.

Regulación das plantacións, curtas de especies vexetais e distancias que deben manter respecto das edificacións, cursos de auga, fontes e mananciais e doutras plantacións, cultivos ou explotacións, sendo o seu ámbito de aplicación todo o termo municipal.

Artigo 7. – Clasificación das especies arbóreas.

Os efectos desta Ordenanza, en función da altura que poden alcanzar, a invisibilidade e a extensión que poden ter as raíces, realizarase a seguinte clasificación, non exhaustiva, das especies vexetais:

1). ESPECIES ARBÓREAS

Clase 1 Especies invasivas e de alto risco.

Clase 1.1. Eucalipto (xénero *Eucalyptus*) en calquera das súas variedades.

Clase 1.2. Frondosas: chopos, álamos (*Populus*), olmo (*ulmus*), acacias (*robinia pseudoacacia* e *acacia dealbata*- *mimosa*), *Populi alba* (chopo).

Clase 2. Coníferas.

Clase 2.1. Piñeiros, abeto...

Clase 2.2 Túa, ciprés, tejos....

Clase 3. Frondosas de crecemento lento.

Clase 3.1 Haia, bidueiro, carballo, e similares.

Clase 3.2 Castiñeiro, nogueira, cerdeira.

Clase 4. Froiteiros: ciruelos, maceiras, perales, melocotonero, etc.

2.) ESPECIES ARBUSTIVAS

Clase 5. Arbustivas.

Clase 5.1 Loureiro romano.

Clase 5.2 Avellano, ruscus, etc.

3.) OUTRAS ESPECIES VEXETAIS

Clase 6 Comprende todas aquelas especies existentes no municipio xa sexan autóctonas, de cultivo de pasto ou propias dos distintos ecosistemas naturais do municipio.

Artigo 8. – Elementos a protexer.

1. Os distintos tipos de elementos a protexer son:

- a) Núcleos de poboación e edificios residuais.
- b) Fontes, mananciais e regachos.
- c) Os ríos do municipio.
- d) Cultivos.
- e) Vías.
- f) Instalación de servizos públicos: auga, saneamento e electricidade tanto en terreos públicos como privados.
- g) Patrimonio arqueolóxico.
- h) Patrimonio natural: O comprendido nas zonas de protección ambiental.
- i) Patrimonio histórico, cultural, artístico.
- j) Áreas recreativas, miradoiros, tabernas de merendas etc..
- k) Itinerarios de especial interese paisaxístico, ambiental.

2. Para a determinación dos elementos para protexer así como para a cualificación dos usos do chan deberase proceder segundo o disposto no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Portomarin e no seu caso na normativa sectorial.

Artigo 9.- Medicións das distancias.

1. As especies vexetais deberán de manter as distancias de separación cos elementos para protexer indicados no artigo anterior.

2. Para a medición das distancias tomarase como punto de partida o punto central de cada tronco, fuste ou talo da especie vexetal e chegarase ata a parte máis próxima do elemento para protexer , e como parte máis próxima enténdese:

- a) De ríos, regachos, pozos e mananciais: o bordo exterior do curso do río, manancial ou pozo.
- b) De camiños e carreiros: 0,5 m do bordo do camiño.
- c) De estradas e pistas: do bordo da pista ou cuneta cóntase con ela. En ningún caso poderá ser inferior a 4,00 m do eixo.
- d) De elementos arqueolóxicos ou arquitectónicos: a área de protección integral se existe e se non o polígono formado por unha liña recta que une as partes máis externas do elemento.
- e) Das vivendas: o polígono formado por unha liña recta que una as partes máis externas do edificio que serve de residencia e os corpos solidarios.
- f) Dos núcleos de poboación: a delimitación do núcleo establecida polo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

3. A medición das distancias das especies vexetais aos distintos elementos protexidos efectuarase da seguinte forma.

3.1 Distancias aos núcleos e edificios residenciais , cultivos, patrimonio arquitectónico , relixioso, cultural e natural e áreas recreativas.

- a) En pendentes medias de ata 200% (45°) a medición realizarase pola pendente natural do terreo.
- b) En pendentes medias superiores incrementaranse as distancias nun 50%.
- c) Os cortes verticais do terreo con pendentes superiores ao 65°, consideraranse como un continuo sumando as distancias inferiores (ata o pé), a proxección horizontal da támara e a distancia superior, ata alcanzar a distancia mínima establecida. A distancia desde a plantación ao bordo superior sempre será superior a 10 m., agás que algunha circunstancia xeolóxica desfavorable aconselle unha distancia maior.

3.2 Distancias a outros elementos: Neste caso a distancia medirase en proxección horizontal, desde a parte máis próxima do elemento para protexer.

Artigo 10. – Xestión e inspección.

A vixilancia material e a inspección do seu cumprimento, así como en xeral da normativa sobre a materia competencia municipal, estará a cargo do persoal funcionario do Concello ou empresas contratadas ao efecto, sen prexuízo das competencias doutras administracións.

Artigo 11. – Condicións e distancias das plantacións.

1. No concello de Portomarin establécense as seguintes distancias mínimas de plantación de árbores, para uso forestal ou agrícola, e en solo rústico non urbano.

Distancias	Eucaliptos	Coníferas	Fronzosas	Froiteiros
Os núcleos de poboación	50 m	30 m	15 m	6 m
A outras vivendas	50 m	30 m	15 m	6 m
Con cámpings, gasoleiras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na lexislación vixente de aplicación	50 m	50 m	25 m	25 m
A terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria, zonas de labradío, cultivo, praderías, terreos agrícolas ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria	20 m	15 m	6 m	4 m
Dende o límite do dominio público de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais	10 m	10 m	4 m	4 m
A camiños e pista forestais principais	4 m	4 m	2 m	2 m
A camiños privadas e servidumes	2 m	2 m	2 m	2 m
A fontes e mananciais públicos, tomas de auga para uso público e privado	25 m	15 m	5 m	5 m
A cultivos e parcelas forestais	2 m	2 m	2 m	2 m
A cultivo de árbores froiteiros	20 m	10 m	6 m	3 m
A áreas recreativas	50 m	30 m	0 m	0 m
A cemiterios	50 m	30 m	15 m	6 m
En todo caso haberá unha distancia de 1 metro, libre desde a proxección vertical da liña ata a rama ou parte máis saínte da especie vexetal.				

2. A efectos desta ordenanza non se considera rota a colindancia entre as plantacións e os elementos para protexer cando existan entre elas vías públicas ou espazos públicos abertos, debendo respectarse as distancias sinaladas.

3. As distancias mínimas non serán aplicables ás edificacións que se empracen no medio rural, en zonas nas que xa existisen explotacións de carácter forestal na data en que se solicitou a licenza urbanística.

4. Os apartados anteriores afectarán tamén os pés que nazan espontaneamente e aos brotes que resulten da curta das plantacións existentes a partir da entrada en vigor do presente regulamento.

5. A plantación de especies forestais nos núcleos urbanos consolidados e nos núcleos rurais, estará condicionada ao criterio dos servizos técnicos municipais, sen prexuízo ás plantacións actualmente existentes.

6. Quedan excluídas do cumprimento no disposto neste artigo aquelas plantacións que pola súa singularidade (árbores monumentais, especies singulares, xardíns, etc.), sexan obxecto doutro tratamento.

Artigo 12. – Uso da sebe e valados.

1. As distancias de plantacións das sebes aos lindeiros, excepto que, de común acordo escrito entre os propietarios, sexan medianeiras, serán:

Distancias	Distancia a fronte e fondo	Distancia a lindeiros
Clase 2.2.	0,70 m	1,20 m
Clase 5.2.	0,70 m	1,20 m
Clase 5.1.	0,50 m	1,00 m
O resto de especies e clases deberán gardar as distancias da táboa do artigo anterior		

2. Dentro das distancias a lindeiros inclúese un paso de 0,50 m., libre de ramas que se deberá deixar entre o linde e a sebe, que servirá para o mantemento desta.

3. As sebes arbustivas que non alcancen unha altura superior a 0,90 m., poderanse plantar a 0,50 m das lindes. Isto leva a obrigación de realizar podas e curtas necesarias para que non superen dita altura.

4. Para as distancias da táboa do punto 1 as sebes non poderán ter unha altura superior a 3 m en solo urbano e núcleo rural e de 4 m en solo rústico ou similar.

Artigo 13.- Prohibición de plantacións en zonas de especial protección.

Para calquera actuación en zonas de especial protección deberase contar coa perceptiva autorización do organismo competente.

Artigo 14- Execución das plantacións.

As plantacións realizaranse de forma que se degrade menos ou se prexudique o terreo e a súa contorna.

Artigo 15.- Reclamacións das plantacións que cumpren coas distancias.

O feito de cumprir as condicións desta Ordenanza non exime ao propietario da plantación, da súa responsabilidade polos danos que esta plantación puidese producir a terceiros.

Artigo 16. – Mantemento das plantacións.

Os propietarios están obrigados a manter en todo momento as franxas do terreo resultantes de salvagardar as distancias mínimas sinaladas, limpas de maleza e restos e brotes das árbores segundo esta ordenanza e lexislación vixente de aplicación. No caso de incumprimento desta obriga o Concello de Portomarín, procederá á execución subsidiaria, previo requirimento ao interesado, e a conta de este.

Artigo 17.- Prohibicións.

Sen prexuízo das establecidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia; queda prohibido:

- 1ª.- Botar mistos ou cigarros en terreos ou vías situadas en zonas de risco de incendio forestal, entendéndose por tales os montes e as áreas rurais situadas nunha franxa de 400 metros arredor daqueles.
- 2ª.- Botar cabichas, vidros, cristais ou calquera outro elemento susceptible de xerar un incendio.
- 3ª.- Botar calquera residuo ou desperdicio nos terreos forestais.
- 4ª.- Utilizar fitocidas para a eliminación de vexetación, co conseguinte aumento da combustión da vexetación tratada se non se procede a limpeza e retirada desta vexetación.
- 5ª.- Fumar e ou facer lume de calquera tipo nos terreos forestais, ou as vías que os delimitan ou atravesan, durante a época de perigo alto ou cando o IRDI sexa moi alto ou extremo.
- 6ª.- A acampada de persoas e vehículos en calquera terreo forestal que se sitúe no concello de Meaño, sen a autorización expresa do concello.
- 7ª.- O almacenamento, transporte ou utilización de materiais inflamables, combustibles ou explosivos no monte.

Cando se pretendan empregar explosivos para a apertura de estradas ou outros fins similares, deberá realizarse segundo as súas normas de seguranza, elaborando un plan de medidas de seguranza e prevención que será remitido para o seu coñecemento á consellería con competencia en materia forestal.

- 8ª.- A realización de fogueiras para recreo ou ocio e para a preparación de alimentos, así como utilizar equipamentos de queima e de combustión destinados á iluminación ou á elaboración de alimentos na época de perigo alto ou cando o IRDI sexa moi alto ou extremo.

Exceptuase a realización de contralumes durante as accións de extinción contra os incendios forestais e o uso do lume nas festas locais ou de arraigada tradición popular, que requirirá autorización previa do concello, na cal figurarán, en todo caso, as medidas de seguridade e prevención de incendios forestais.

- 9ª.—A tirada de foguetes ou outros artefactos de pirotecnia nos terreos forestais e nas súas áreas de influencia sen autorización municipal.
- 10ª.—A realización de festas gastronómicas e as fogueiras de S. Xoan sen autorización municipal.

Artigo 18.- Procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas e para o cumprimento das restantes obrigas previstas.

7.1.—O procedemento regulado no presente artigo é de aplicación:

- a) Para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas as persoas físicas ou xurídicas responsables, segundo o disposto no artigo 4, procederán á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa antes do 30 de xuño de cada ano e consonte os criterios establecidos por orde da consellería competente en materia forestal.
- b) Desenvolverse nas seguintes fases:
 - 1ª.- Na derradeira semana de abril realizaranse comunicacións xerais da obriga, que abrangue a tódolos responsables, da limpeza das fincas antes do 30 de xuño, mediante a difusión de bandos ou notas informativas para xeral coñecemento.
 - 2ª.- Superada esta data, ben de oficio ou mediante denuncia previa de particulares, realizarase unha inspección e levantamento de actas nas parcelas, a fin de comprobar a situación real da finca e a súa incidencia sobre a prevención ou o risco de propagación de incendios ou de comprobar os feitos denunciados.
 - 3ª.- Unha vez que o Concello se atope en posesión da acta de inspección da parcela, o Alcalde poderá ou ben arquivar o expediente si o responsable cumpriu as súas obriga ou ben acordar a iniciación dun

expediente de orde de execución de xestión de biomasa, segundo os criterios de xestión previstos na lexislación aplicable, ou calquera das obrigas previstas no presente regulamento, notificándollo ao/a responsable.

4ª.- A resolución que acorde a iniciación do expediente de orde de execución será notificada ao responsable, concedéndolle, ao abeiro dos artigos 40 a 46 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, un prazo de audiencia de dez días, dende a notificación do devandito acordo para que formule as alegacións que considere oportunas en relación cos feitos que orixinan o procedemento.

No suposto de non formularse ningunha alegación ou si as presentadas fosen desestimadas, o Alcalde ditará orde de execución de limpeza de leira ou xestión de biomasa ou de calquera das obrigas previstas na presente ordenanza, que se efectuará no prazo máximo de quince días desde a notificación da correspondente orde de execución.

5ª.- Rematado este prazo, o concello efectuará unha nova inspección co obxecto de comprobar o cumprimento da orde de execución. No caso de non terse cumprida a orde de execución, o mesmo órgano que a ditou, poderá acordar, a execución subsidiaria a costa do interesado ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas que serán reiterables mensualmente ata logralo cumprimento do ordenado.

A contía destas multas coercitivas poderá oscilar entre un mínimo de 300,00 € e un máximo de 600,00 €, cada unha. A contía fixarase tendo en conta os seguintes criterios:

- a) O atraso no cumprimento da obriga a reparar.
- b) A superficie do predio.
- c) O número de predios afectados.
- d) A existencia de intencionalidade ou reincidencia no incumprimento.

Estas multas coercitivas serán independentes e compatibles coas sancións que lle puideran corresponder ao/a responsable ao abeiro do artigo 50 e seguintes da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e do artigo 11 e seguintes do presente regulamento.

En relación co monte ou terreos forestais, redes secundarias que afectan a parcelas que se atopen, fóra do monte, a unha distancia inferior a 50 metros do seu perímetro, autovía, estradas ou as liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, o incumprimento polos responsables da xestión da biomasa será comunicado polo Concello ao Servizo Provincial de Defensa Contra Incendios Forestais, para que inicie o correspondente expediente (artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia).

Artigo 19.- Procedemento para o outorgamento de autorización de tirada de fogos de artificio, lanzamento de globos e doutros artefactos pirotécnicos. Réxime xurídico.

1ª.—O concello porá a disposición dos interesados dun formulario de solicitude que conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- Datos persoais do/da solicitante e responsable
- Data da actividade.
- Parroquia e lugar.
- Datos relativos as “Normas en festas locais”, reguladas no Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais.

2ª.- As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello cunha antelación mínima de 4 días hábiles a celebración.

3ª.- De observarse erros ou defectos na solicitude advertiráselle ao/a interesado/a para súa emenda ou subsanación.

4ª.- A autorización conterá as normas a cumprir polo beneficiario/a, que son as seguintes:

- a) Nos terreos forestais e nas súas áreas de influencia, a utilización de foguetes, globos ou calquera outro artefacto que poida producir ou conter lume, está suxeita a autorización previa do concello.
- b) A autorización outorgada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que conorra negligencia ou imprudencia.
- c) Os lanzamentos de fogos de artificio ou artefactos pirotécnicos nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal só poderán ser realizados por persoal autorizado das empresas que figuren no rexistro sectorial desta actividade. Os fogos de artificio e artefactos pirotécnicos deberán empregar materiais ignífugos, ou ben ignifugados.
- d) Que a tirada se faga nun lugar inaccesible para o público, limpo de maleza ou de calquera outro material inflamable e situado a distancia de 100 metros dun terreo forestal. Deberá terse en conta a dirección e

velocidade do vento á hora de fixar o punto de tirada de xeito a minimizar o risco para os terreos forestais.

e) Que se dispoña no lugar dun sistema de extinción de incendios.

f) Que o lugar se deixe limpo de restos de instalacións e de materiais producidos na tirada.

g) O solicitante será sempre o responsable dos danos e prexuízos que ocasione.

5ª.- O concello comunicará a concesión da autorización á consellería competente en materia forestal cunha antelación mínima de 48 horas.

6ª.- Non se entenderá, en ningún caso, concedida a autorización por silencio administrativo.

7ª.- A autorización outorgada non eximirá aos solicitantes, en ningún caso, das responsabilidades por danos ou perdas a que houbera lugar no caso de que concorra negligencia ou imprudencia.

8ª.- O concello por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, poderá revogar a autorización nos casos en que non sexa posible garantir medidas de seguridade e prevención dos incendios por estaren os medios dispoñibles dentro do Distrito Forestal realizando traballos de extinción de incendios forestais declarados nese ámbito, ou exista un número de incendios declarados no devandito ámbito que aconsellen a súa mobilización de xeito preferente a atallar os lumes declarados.

O Concello, no caso de que o índice de risco diario de incendio forestal sexa extremo, no autorizará a utilización de artefactos que leven aparelado o uso do lume, fogos de artificio, globos e artefactos pirotécnicos.

Nos casos de que o índice de risco diario de incendio forestal sexa extremo o día da celebración, entenderanse revogados as autorizacións emitidas con anterioridade.

Artigo 20.- Procedemento para o outorgamento de autorización de festas gastronómicas. Réxime xurídico.

1ª.- O concello porá a disposición dos interesados dun formulario de solicitude que conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- Datos persoais do/da solicitante e responsable

- Data da actividade.

- Parroquia e lugar.

- Datos relativos as “Normas en festas locais”, reguladas no Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais.

2ª.- As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello cunha antelación mínima de 7 días hábiles a celebración.

3ª.- De observarse erros ou defectos na solicitude advertiráselle ao /a interesado/a para a súa emenda ou subsanación.

4ª.- A autorización conterá as normas a cumprir polo beneficiario/a, que son as seguintes:

a) A autorización outorgada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que concorra negligencia ou imprudencia.

b) A confección de alimentos se efectúe sempre en instalacións e infraestruturas axeitadas para tal fin, e nunca directamente sobre o terreo.

c) A confección de alimentos non debe realizarse antes da saída do sol e debe rematarse dúas horas antes do momento da súa posta.

d) Que se dispoña no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción das infraestruturas utilizadas.

e) Que a zona de confección dos alimentos permaneza vixiada polos solicitantes ata o total remate do cociñado. Unha vez rematada a confección dos alimentos as infraestruturas utilizadas deberán permanecer totalmente apagadas, asegurándose de que non queden brasas, empapando os restos con auga en caso necesario.

f) En caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e propagación de faíscas, a confección de alimentos deberá suspenderse e as infraestruturas utilizadas apagarse de inmediato.

g) O solicitante será sempre o responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.

5ª.- O concello comunicará a concesión da autorización á consellería competente en materia forestal cunha antelación mínima de 5 días naturais.

6ª.- Non se entenderá, en ningún caso, concedida a autorización por silencio administrativo.

7ª.- A autorización outorgada non eximirá aos solicitantes, en ningún caso, das responsabilidades por danos ou perdas a que houbera lugar no caso de que concorran negligencia ou imprudencia.

8ª.- O concello por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, poderá revogar a autorización nos casos en que non sexa posible garantir medidas de seguridade e prevención dos incendios por estaren os medios dispoñibles dentro do Distrito Forestal realizando traballos de extinción de incendios forestais declarados nese ámbito, ou exista un número de incendios declarados no devandito ámbito que aconsellen a súa mobilización de xeito preferente a atallar os lumes declarados.

Artigo 21.- Procedemento para o outorgamento de autorización das fogueiras de S. Xoan. Réxime xurídico.

1ª.- O concello porá a disposición dos interesados dun formulario de solicitude que conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- Datos persoais do/da solicitante e responsable

- Data da actividade.

- Parroquia e lugar

- Datos relativos as “Normas en festas locais”, reguladas no Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais.

2ª.- As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello cunha antelación mínima de 7 días hábiles a celebración.

3ª.- De observarse erros ou defectos na solicitude advertiráselle ao /a interesado/a para a súa emenda ou subsanación.

4ª.- A autorización conterá as normas a cumprir polo beneficiario/a, que son as seguintes:

a) A autorización outorgada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que concorran negligencia ou imprudencia.

b) Que a fogueira diste unha distancia mínima de 50 metros de vivendas, vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.

c) Que as súas dimensión non superen unha altura de 5 metros de altura e 3 metros de diámetro.

d) Que non se queimen residuos perigosos ou tóxicos tipo: pneumáticos, aceites, plásticos, envases baleiros de aerosois, etc...

e) Cando se faga a fogueira sobre terreos públicos asfaltados, lousados ou pintados deberá protexerse o pavimento cunha capa de area cun espesor axeitado o volume de material a queimar en toda a superficie da fogueira.

f) Que se dispoña no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción da fogueira.

g) Que a fogueira permaneza vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga.

h) En caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.

i) O solicitante será sempre o responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.

5ª.- O concello comunicará a concesión da autorización á consellería competente en materia forestal cunha antelación mínima de 5 días naturais.

6ª.- Non se entenderá, en ningún caso, concedida a autorización por silencio administrativo.

7ª.- A autorización outorgada non eximirá aos solicitantes, en ningún caso, das responsabilidades por danos ou perdas a que houbera lugar no caso de que concorran negligencia ou imprudencia.

8ª.- O concello por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, poderá revogar a autorización nos casos en que non sexa posible garantir medidas de seguridade e prevención dos incendios por estaren os medios dispoñibles dentro do Distrito Forestal realizando traballos de extinción de incendios forestais declarados nese ámbito, ou exista un número de incendios declarados no devandito ámbito que aconsellen a súa mobilización de xeito preferente a atallar os lumes declarados.

Artigo 22.- Infraccións. Tipificación. Clasificación e Prescrición.

Constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan o disposto e a presente Ordenanza e que se atopen tipificadas como tales na mesma.

As infraccións dos preceptos contidos na presente Ordenanza clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Terán a consideración de Infraccións **Moi Graves**:

- a) O incumprimento das ordes de execución das obrigas contempladas na presente ordenanza de competencia municipal.
- b) Botar mistos ou cigarros en terreos ou vías situadas en zonas de risco de incendio forestal, entendéndose por tales os montes e as áreas rurais situadas nunha franxa de 400 metros arrededor daqueles.
- c) Botar cabichas, vidros, cristais ou calquera outro elemento susceptible de xerar un incendio.
- d) Fumar e ou facer lume de calquera tipo nos terreos forestais, ou as vías que os delimitan ou atravesan, durante a época de perigo alto ou cando o IRDI sexa moi alto ou extremo.
- e) A realización de fogueiras para recreo, ocio ou confección de alimentos, así como utilizar equipamentos de queime e de combustión destinados á iluminación ou á confección de alimentos na época de perigo alto ou cando o IRDI sexa moi alto ou extremo. Exceptúase a realización de contraluces durante as accións de extinción contra os incendios forestais.

Terán a consideración de Infraccións **Graves**:

- a) Manter os terreos e solares sen a debida limpeza ou hixiene se se provoca un problema de salubridade pública.
- b) Non realizar as rozas establecidas na presente Ordenanza provocando un alto risco de incendio debido ás condicións atmosféricas, ou polas propias características que exista na contorna (altura , espesor...) etc..
- c) A tirada de foguetes ou outros artefactos de pirotecnia nos terreos forestais e nas súas áreas de influencia sen autorización municipal.
- d) A realización de festas gastronómicas e as fogueiras de S. Xoan sen autorización municipal.
- e) Utilizar fitocidas para a eliminación de vexetación, co conseguinte aumento da combustión da vexetación tratada se non se procede a limpeza e retirada desta vexetación.
- f) A acampada de persoas e vehículos en calquera terreo forestal que se sitúe no concello de Portomarin, sen a autorización expresa do concello.
- g) Botar calquera residuo ou desperdicio nos terreos forestais.
- h) A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas na presente Ordenanza.
- i) A realización de plantacións en lugares expresamente prohibidos.
- j) A reiteración na comisión de infraccións leves.

Terán a consideración de Infraccións **Leves**:

Os incumprimentos das obrigas ou prohibicións establecidas na presente ordenanza cando non deban cualificarse como grave ou moi grave.

Artigo 23.- Potestades sancionadoras e procedemento.

O procedemento rexerese polo disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa sectorial de aplicación.

A potestade sancionadora corresponderalle, en calquera caso, á Alcaldía do Concello de Portomarin.

Sen prexuízo tamén do carácter supletorio desta Ordenanza nesta materia, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa que poña fin ao procedemento será de 3 meses, a contar desde a data de inicio do procedemento administrativo sancionador, que se corresponde coa data do acordo de incoación. Transcorrendo este prazo sen que se notificase a resolución, producirase a caducidade do mesmo, con arquivo das actuacións, e sen prexuízo da obrigación de ditar a correspondente resolución.

No caso de que o procedemento se suspendese ou paralizase por causas imputables ao interesado, interromperase o cómputo do prazo para resolver.

De conformidade co disposto pola lexislación básica do procedemento administrativo, o órgano competente para resolver, de oficio ou a instancia de persoa instrutora, pode acordar, mediante resolución motivada, unha ampliación do prazo de aplicación que non exceda da metade do prazo inicialmente establecido. Esta resolución deber de ser notificada á persoa interesada antes do vencemento do prazo de caducidade contemplado na presente Lei.

A caducidade do procedemento non produce por se mesma a prescrición da infracción. Con todo, os procedementos caducados non interromperán o prazo da prescrición.

Artigo 24.- Sancións. Clasificación e prescrición.

As infraccións serán sancionadas de conformidade co seguinte baremo:

Infraccións moi graves: hasta 3.000,00 euros.

Infraccións graves: hasta 1.500,00 euros.

Infraccións leves: hasta 750 euros.

A contía das sancións graduarase atendendo ás seguintes circunstancias:

- 1.-Natureza da infracción.
- 2.-Grao de intencionalidade.
- 3.-Beneficio obtido.
- 4.-Grao de perigo xerado para as persoas e bens.
- 5.-Gravidade do dano causado.
- 6.-Reincidencia.
- 7.-Desatención aos requirimentos efectuados.

Prescricións.

1. As infraccións e sancións prescribirán segundo o disposto nas leis que se establezan. Se estas non fixan os prazos de prescrición, as infraccións moi graves prescribirán aos 3 anos, as graves aos 2 anos e as leves aos 6 meses.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos 3 anos, as sancións impostas por faltas graves aos 2 anos, e as sancións impostas por faltas leves ao ano.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se houberse cometido.

4. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, renovándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causas non imputables ao presunto responsable.

5. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel que non adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

6. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 25. – Principio de reparación integral do dano.

As sancións e multas determinadas na presente ordenanza non serán óbice para que o infractor deba adoptar todas as medidas necesarias para, de forma inmediata, reparar, restaurar ou substituír os recursos naturais e servizos de recursos naturais danados.

Disposición adicional Primeira.

Para o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño de montes de Galicia, a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención e incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamento e repoboacións forestais e Plan Municipal de Prevención e Defensa contra incendios forestais do Concello de Portomarín.

Disposición adicional segunda.

A xestión da biomasa vexetal efectuarase de acordo cos criterios para a xestión de biomasa definidos na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal e demais disposicións que se diten e resulten de aplicación.

Disposición transitoria única.

Mentres non se definan as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa no Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais segundo a modificación dada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, será directamente aplicable a presente Ordenanza e a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Disposición derradeira.

O presente ORDENANZA REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES E MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS NO TERMO MUNICIPAL DE PORTOMARÍN foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 29 de decembro de 2016, entrará en vigor trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Disposición derogatoria.

Á entrada en vigor desta ordenanza, quedarán derogadas cantas normas municipais de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co regulado na mesma.